

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10520 *Real decreto 872/2014, do 10 de outubro, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas.*

O artigo 8 da Constitución establece que unha lei orgánica regulará as bases da organización militar conforme os principios da dita Constitución e a disposición adicional primeira da Lei 6/1997, do 14 abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, determina que a organización militar se rexe pola súa lexislación peculiar.

A Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, en diante Lei orgánica da defensa nacional, regulou as bases da organización militar conforme os principios constitucionais, respondendo aos principios de xerarquía, disciplina, unidade e eficacia e con criterios que posibilitasen a acción conxunta nas Forzas Armadas (FF.AA.).

A diferenza da derogada Lei orgánica 6/1980, do 1 de xullo, pola que se regulan os criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, vixente ata entón, que atribuíu misións a cada exército, a Lei orgánica de defensa nacional considera as FF.AA. como unha entidade única e integradora das distintas formas de acción dos seus compoñentes e que posibilita o emprego óptimo das súas capacidades, sen que aquelas vexan diminuída a súa especificidade, establecendo dúas estruturas para a súa organización, a operativa e a orgánica, esta última composta polo Exército de Terra, pola Armada e polo Exército do Aire.

A estrutura operativa foi desenvolvida polo Real decreto 787/2007, do 15 de xuño, polo que se regula a estrutura operativa das Forzas Armadas, e completada co Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, a Orde ministerial 86/2012, do 4 de decembro, pola que se crean o Mando de Vixilancia e Seguridade Marítima e o Mando de Defensa e Operacións Aéreas, e a Orde ministerial 10/2013, do 19 de febreiro, pola que se crea o Mando Conxunto de Ciberdefensa das Forzas Armadas.

Pola súa parte, a estrutura orgánica, que xa estaba descrita no Real decreto 912/2002, do 6 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura básica dos exércitos, foi modificada polo Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias, que foi modificada, pola súa vez, por diversas ordes ministeriais.

Neste contexto, en xullo de 2012 o presidente do Goberno ditou a Directiva de defensa nacional. Unha das súas directrices exixía unha reformulación do actual deseño das estruturas das FF.AA. para adaptalas, xunto cos seus procedementos, de forma que se incrementase a eficacia tanto na xestión como en obtención e emprego dos recursos, promovendo a concordancia dos recursos financeiros á disposición da Defensa cos requirimentos do escenario estratéxico e as conseguíntes necesidades das FF.AA. Ademais, outra das súas directivas establece que se priorizará a preservación e o grao de dispoñibilidade das capacidades das FF.AA., que teñen que facer fronte aos imperativos da nova situación estratéxica e económica, á súa evolución e resposta ante escenarios, riscos e ameazas non sempre predicibles. Como consecuencia, o ministro de Defensa asinou en outubro dese mesmo ano a Directiva de política de defensa, e estableceu entre os seus fins a simplificación da organización das FF.AA. e a racionalización das estruturas orgánicas do departamento en que se integran.

Ademais, o Goberno puxo en marcha un importante e ambicioso programa de reformas entre cuxos eixes se sitúan medidas de racionalización administrativa e de simplificación e eliminación de duplicidades e trabas burocráticas. A Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, creada mediante o Acordo do Consello de

ministros do 26 de outubro de 2012, levou a cabo nos últimos meses un intenso labor de revisión integral da Administración pública, dirixido a conseguir unha mellora na eficacia e eficiencia da actividade pública.

Dentro deste marco de reforma e racionalización, o Ministerio de Defensa realizou unha revisión global de toda a súa estrutura. A publicación do Real decreto 524/2014, do 20 de xuño, que modifica o Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, deixa reducidas ao mínimo imprescindible as referencias ás FF.AA., que se rexerán pola súa normativa específica, e fai unha redistribución de competencias conforme coas directrices marcadas polo presidente do Goberno e polo propio ministro de Defensa, que afectan especialmente a Secretaría de Estado de Defensa, coa centralización dos programas de obtención, de modernización e de sostemento común, o apoio á internacionalización da industria de defensa e a xestión económica.

Toca agora revisar a estrutura das FF.AA., que se aborda neste real decreto con dous obxectivos. O primeiro obxectivo é regular a organización das FF.AA. simplificando as súas estruturas e adoptando unha terminoloxía común. O segundo obxectivo é a eliminación da dispersión normativa mediante a derogación dos reais decretos que ata a data rexen esta materia.

A organización básica das FF.AA. concíbese como un sistema que permite o cumprimento das súas misións e, como xa se dixo, que se configura en dúas estruturas: unha orgánica, cuxo labor é a preparación da Forza, e outra operativa, para o emprego das capacidades militares nas misións que se lles asignen ás FF.AA. Ambas as estruturas constitúense como entidades con finalidades concretas para posibilitar a acción conxunta.

Desde a promulgación da Lei orgánica de defensa nacional, desenvolvéronse a estrutura operativa e a Forza, polo que queda pendente o desenvolvemento do resto da estrutura orgánica e os servizos unificados do seu artigo 11.4, así como concretar a orgánica do Estado Maior da Defensa do seu artigo 12, condición necesaria para que o modelo de FF.AA. se poida implantar na súa totalidade, incidindo en conceptos básicos para o funcionamento deste modelo, como poden ser os de eficacia operativa e servizo unificado.

Na organización militar, a estrutura operativa, baixo a dirección estratéxica do presidente do Goberno e do ministro de Defensa, auxiliados polo xefe de Estado Maior da Defensa, emprega as capacidades militares. Neste marco, o concepto de eficacia operativa debe entenderse como o resultado da sincronización e adecuación das actividades dos diferentes compoñentes das FF.AA., de maneira que se asegure a unidade de esforzo no cumprimento das misións encomendadas, de acordo coa estratexia militar definida polo xefe de Estado Maior da Defensa e as capacidades militares propostas por este ao ministro de Defensa para posibilitar a súa materialización. Para isto, derivado da análise estratéxica e do ambiente operativo de actuación, establécese un novo concepto de emprego das Forzas Armadas, a Forza Conxunta, en disposición de ser empregada en calquera momento e lugar, de acordo cos intereses nacionais, mantendo a capacidade de autonomía nacional, acción conxunta e disposición para actuar con outros instrumentos do Estado. É dicir, o emprego das Forzas Armadas materializarase mediante a actuación da Forza Conxunta.

Pola súa parte, para alcanzar o seu funcionamento, a Lei orgánica de defensa nacional prescribe que se unifiquen aqueles servizos cuxas funcións non sexan exclusivas dun dos exércitos. O servizo unificado debe entenderse máis alá do tradicional ámbito loxístico e responder ao daquela organización das FF.AA., non pertencente a ningún dos exércitos, que desenvolve unha función que posibilita ou facilita a acción conxunta, ou que exerce unha determinada función en beneficio do resto das FF.AA. Concíbese para alcanzar o funcionamento de ambas as estruturas con criterios de eficacia e eficiencia ou, o que é o mesmo, evitar duplicidades. A evolución do ambiente operativo fai necesario dispor de capacidades non específicas como posibilitadoras da acción conxunta e o mencionado artigo 11.4 abre a posibilidade da súa creación dentro do modelo de FF.AA. A activación destes servizos implica a creación de organizacións singulares.

Para todo isto, resulta necesario, en primeiro lugar, facer unha adecuada compilación das competencias dos xefes de Estado Maior, o da Defensa e os dos exércitos. Consonte a Lei orgánica de defensa nacional, estes últimos son as autoridades da estrutura orgánica, exercen o mando do seu respectivo exército e, como tales, son responsables da preparación da Forza para proporcionar á estrutura operativa as capacidades militares específicas que se requiran. Pola súa parte, o xefe de Estado Maior da Defensa ten como función, respecto á estrutura orgánica, asegurar a eficacia operativa das FF.AA., para o cal poderá supervisar a preparación das unidades da Forza e avaliar a súa dispoñibilidade operativa; así mesmo, coordina os xefes de Estado Maior, aos cales imparte directrices para orientar a dita preparación. Por este motivo, a Lei orgánica da defensa nacional configura estes como asesores do xefe de Estado Maior da Defensa en canto á elaboración e emprego das capacidades específicas.

En segundo lugar, na estrutura operativa fuxiuse do uso de conceptos doutriniais e destacou que o emprego da forza se realizará sempre de conformidade coas normas que dite o xefe de Estado Maior da Defensa ao aprobar a doutrina militar, definindo o novo concepto de «Forza Conxunta» e atribuíndo ao comandante do Mando de Operacións o control operacional das organizacións operativas que se creen, tanto con carácter temporal como permanente. Ademais, reorganízase a estrutura do Estado Maior da Defensa, dentro do cal se encadrarán todos os órganos subordinados ao xefe de Estado Maior da Defensa, e destacan as modificacións que afectan o Cuartel Xeral –do cal deixa de formar parte o Centro de Intelixencia das Forzas Armadas e no cal se crea a Xefatura de Apoio para a Acción Conxunta co obxectivo de concentrar e potenciar o apoio a este tipo de acción– o Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional –o cal se integra na estrutura do Estado Maior da Defensa– e, finalmente, a Unidade Militar de Emerxencias, que pasa a depender organicamente do xefe de Estado Maior da Defensa. Así mesmo, cómpre recoller neste real decreto as funcións que, de forma transitoria, atribuíu ao Estado Maior da Defensa o mencionado Real decreto 524/2014, do 20 de xuño.

Por último, en canto á estrutura orgánica e como consecuencia desta recente reorganización, centralizando a loxística de obtención e da asunción por parte do Estado Maior da Defensa de funcións non exclusivas dalgún dos exércitos, estes sofren modificacións, tanto na concreción das competencias dos seus xefes de Estado Maior como nas competencias que asumen os elementos que os constitúen, o Cuartel Xeral, a Forza e o Apoio á Forza, que sofren as modificacións organizativas precisas para adecuarse a esta nova repartición de competencias. Ademais, introdúcense todas aquelas modificacións que resultan imprescindibles para posibilitar un desenvolvemento desa estrutura que permita adaptala a este novo modelo de Forzas Armadas máis eficiente, e facúltase o ministro de Defensa para ditar as ordes ministeriais necesarias para desenvolver a estrutura e funcións dos órganos citados neste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto desenvolve a organización básica das Forzas Armadas para posibilitar o cumprimento das misións que se lle encomenden no marco específico, conxunto e combinado, de forma que se asegure a eficacia na execución das operacións militares, consonte o disposto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

2. Esta organización determina a dependencia orgánica das unidades que se citan neste real decreto cos xefes e coas autoridades militares a que están subordinados.

TÍTULO I

Dos xefes de Estado Maior

Artigo 2. *O xefe de Estado Maior da Defensa.*

1. O xefe de Estado Maior da Defensa exerce, baixo a dependencia do ministro de Defensa, o mando da estrutura operativa das Forzas Armadas e o mando do Estado Maior da Defensa.

2. Nas súas funcións de apoio, o xefe de Estado Maior da Defensa:

a) Proporciona asesoramento militar ao presidente do Goberno e ao ministro de Defensa.

b) Auxilia o presidente do Goberno e o ministro de Defensa na dirección estratéxica das operacións militares.

c) Propón ao ministro de Defensa as capacidades militares adecuadas para executar a política militar.

d) Asesora e informa o ministro de Defensa sobre o réxime do persoal militar no que afecte a operatividade das Forzas Armadas e a súa participación en organizacións internacionais, así como sobre as necesidades de persoal e ensino militar no ámbito conxunto e nas ensinanzas de altos estudos da defensa nacional.

e) Traslada ao subsecretario de Defensa os requirimentos nas materias de persoal indicadas na letra anterior.

3. No ámbito estratéxico:

a) Elabora e define a estratexia militar.

b) Realiza a condución estratéxica das operacións militares, baixo a dependencia do ministro de Defensa.

c) Asigna as forzas necesarias para as operacións militares e emite as instrucións correspondentes.

d) Dirixe a participación española no planeamento militar aliado e multinacional de nivel estratéxico.

e) Transfire, ao mando internacional que corresponda, a autoridade sobre as unidades e elementos designados para operacións, así como para os exercicios combinados que determine.

f) Require dos xefes de Estado Maior dos exércitos a atribución de mandos e forzas necesarias para cada operación, así como para cada exercicio que determine, e procede á designación daqueles que sexan da súa competencia.

4. Na preparación e no emprego da Forza:

a) Asegura a eficacia operativa das Forzas Armadas. Para tal fin:

1.º Coordina os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

2.º Imparte aos xefes de Estado Maior dos exércitos as directrices para orientar a preparación da Forza.

3.º Supervisa a preparación das unidades da Forza.

4.º Avalía a dispoñibilidade operativa das unidades da Forza mediante a valoración do seu grao de alistamento.

b) Establece as normas de acción conxunta das Forzas Armadas, que se concretan na «doutrina para as operacións» ou «doutrina militar».

c) Contribúe á definición das normas de acción combinada de forzas multinacionais.

d) Vela pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal en operacións e actividades baixo o seu mando.

5. Na organización das Forzas Armadas:

a) Propón ao ministro de Defensa a creación das organizacións operativas permanentes que considere necesarias.

b) Crea as organizacións operativas de carácter temporal necesarias para cada operación, así como para cada exercicio que determine.

c) Propón ao ministro de Defensa medidas encamiñadas á homoxeneización da organización dos exércitos para mellorar a eficacia operativa das Forzas Armadas.

d) Propón ao ministro de Defensa a unificación dos servizos cuxas funcións non deban ser exclusivas dun exército.

6. No ámbito institucional, por delegación do ministro de Defensa, exerce a representación militar nacional ante as organizacións internacionais de seguridade e defensa.

7. No exercicio do mando da estrutura operativa, terá a competencia sancionadora e administrativa que lle atribúe a lexislación vixente na materia.

8. Cando calquera circunstancia lle impida exercer temporalmente o cargo, substituirao nas súas funcións, con carácter accidental, o xefe de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada ou do Exército do Aire de máis antigüidade.

Artigo 3. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

1. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire exercen, baixo a autoridade do ministro de Defensa, o mando do seu respectivo exército.

2. Nas súas funcións de apoio, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire asesoran as seguintes autoridades:

a) O ministro de Defensa no relativo á preparación, dirección e desenvolvemento da política do departamento no relacionado co seu respectivo exército.

b) O xefe de Estado Maior da Defensa:

1.º Sobre os aspectos do réxime do persoal militar que afecten a operatividade.

2.º No emprego das unidades do seu exército.

3.º Na elaboración e formulación dos aspectos específicos das súas respectivas capacidades.

4.º Na definición das normas de acción combinada de forzas multinacionais nos aspectos específicos do seu respectivo exército.

c) O secretario de Estado de Defensa na planificación e dirección da política económica, de armamento e material, de infraestrutura e dos sistemas de información e telecomunicacións e de seguridade da información do seu respectivo exército; colaboran con el no seu desenvolvemento e infórmano da súa aplicación.

d) O subsecretario de Defensa no planeamento, dirección e inspección da política de persoal e ensino; colaboran con el no seu desenvolvemento e infórmano da súa aplicación.

3. Na preparación da Forza:

a) Instrúen, adestran, administran e proporcionan apoio loxístico ao seu respectivo exército.

b) Garanten a adecuada preparación da Forza do seu respectivo exército para a súa posta á disposición da estrutura operativa das Forzas Armadas.

c) Definen as especificacións militares dos sistemas de armas e de apoio necesarios para o seu respectivo exército e infraestrutura militar correspondente.

d) Desenvolven a doutrina militar no ámbito específico do seu respectivo exército.

4. Na organización das Forzas Armadas:
 - a) Desenvolven a organización, de acordo co disposto polo ministro de Defensa, do seu respectivo exército.
 - b) Propoñen ao ministro de Defensa medidas encamiñadas a mellorar a súa estrutura ou a homoxeneizar a súa organización coa dos outros exércitos.
 - c) Propoñen ao ministro de Defensa a unificación dos servizos cuxas funcións non deban ser exclusivas do seu exército.
5. No ámbito dos recursos humanos:
 - a) Velan polos intereses xerais do persoal militar baixo o seu mando, tutelando en particular o réxime de dereitos e liberdades derivado da norma constitucional e do seu desenvolvemento legal.
 - b) Definen as capacidades e deseñan os perfís necesarios para o exercicio profesional a que debe atender o ensino e dirixen a formación militar xeral e específica.
 - c) Dirixen a xestión de persoal.
 - d) Velan pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal do seu respectivo exército.
 - e) Deciden, propoñen ou informan conforme o previsto na lei, en relación cos aspectos básicos que configuran a carreira militar.
 - f) Avalían o réxime do persoal, así como as condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos.
6. Tamén lles corresponde o exercicio daqueloutras funcións que lles asigne a lexislación especial ou que asuman en virtude de convenio ou outras formas de colaboración con entidades públicas ou privadas.
7. Cando calquera circunstancia lles impida exercer temporalmente o cargo, substituirao nas súas funcións, respectivamente, con carácter accidental, o oficial xeneral en servizo activo máis antigo dos que lle estean subordinados na súa estrutura orgánica.

TÍTULO II

Estrutura operativa das Forzas Armadas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 4. *Concepto e organización da estrutura operativa.*

1. A estrutura operativa é a organización establecida para o desenvolvemento da acción conxunta e combinada e disposta para o emprego da forza en operacións, en cumprimento das misións das Forzas Armadas, todo isto consonte o disposto nos artigos 11, 15 e 16 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro.
2. A estrutura operativa das Forzas Armadas organízase nunha cadea de autoridades militares situadas en tres niveis:
 - a) Nivel estratéxico: o xefe de Estado Maior da Defensa.
 - b) Nivel operacional: o comandante do Mando de Operacións e os comandantes daquelas organizacións operativas que determine o xefe de Estado Maior da Defensa para a execución dos plans de continxencia.
 - c) Nivel táctico: os comandantes das organizacións operativas que se xeren.
3. As autoridades citadas no número anterior contarán, baixo o seu mando e dependencia orgánica, cos órganos de apoio e aqueloutros que se determinarán neste real decreto e nas disposicións que o desenvolvan, necesarios para o exercicio das súas competencias e o cumprimento das súas funcións.

Artigo 5. *O comandante do Mando de Operacións.*

O comandante do Mando de Operacións será responsable do planeamento operativo, seguimento e da condución das operacións que se lle asignen. Dará directrices necesarias para o deseño e execución dos exercicios que ao seu nivel se lle asignen e dirixirá as avaliacións sobre a dispoñibilidade operativa das unidades da Forza dos Exércitos.

Artigo 6. *As organizacións operativas e os seus comandantes.*

1. As organizacións operativas poderán crearse con carácter permanente ou temporal.

2. As organizacións operativas permanentes serán creadas polo ministro de Defensa e estarán directamente subordinadas ao xefe de Estado Maior da Defensa. Na execución das operacións asignadas estarán baixo o control operacional do comandante do Mando de Operacións, consonte a doutrina militar nacional ou internacional que proceda.

3. As organizacións operativas que se creen con carácter temporal terán a estrutura de mandos e forzas que determine o xefe de Estado Maior da Defensa, consonte a doutrina militar nacional ou internacional que proceda.

4. Desde o momento do seu nomeamento, corresponde aos comandantes das organizacións operativas o exercicio das competencias e funcións que a doutrina militar aplicable, nacional ou internacional, lles asigna e, en particular:

a) Toman parte, ao seu nivel, no planeamento daquelas operacións en que participen.

b) Exercent o mando das forzas postas baixo a súa autoridade de acordo co establecido nos plans en vigor.

c) Levan a cabo a integración das forzas baixo o seu mando.

d) Posúen, de ser o caso, a representación militar nacional que se determine ante os mandos aliados ou multinacionais do seu nivel.

Artigo 7. *Doutrina militar.*

A doutrina militar, ou doutrina para as operacións, establecerá os principios directores que deben rexer a actuación operativa das Forzas Armadas españolas, proporcionando ademais un marco de referencia común para a actuación específica dos exércitos, unha guía para a condución das operacións militares, un marco de pensamento e un catálogo de solucións aos problemas en operacións.

A doutrina militar nacional será promulgada polo xefe de Estado Maior da Defensa e será compatible e estará harmonizada coa doutrina militar internacional que España ratifícase como membro das organizacións internacionais ou multinacionais de seguridade e defensa das cales é parte compoñente.

Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire desenvolverán e colaborarán na definición da doutrina militar no seu ámbito específico.

Artigo 8. *Forza Conxunta.*

A Forza Conxunta constitúena todos os elementos integrantes da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, ademais dos elementos dos mandos subordinados ao xefe de Estado Maior da Defensa que se determinen.

CAPÍTULO II

Organización do Estado Maior da Defensa*Sección 1.ª Funcións e estrutura organizativa do Estado Maior da Defensa*Artigo 9. *O Estado Maior da Defensa.*

1. O Estado Maior da Defensa é o órgano que posibilita o cumprimento das súas funcións ao xefe de Estado Maior da Defensa. Organizarase de forma que permita a definición e o desenvolvemento da estratexia militar, o planeamento militar, o planeamento, seguimento e condución das operacións militares e o exercicio do resto das súas competencias.

2. Entre outras funcións, ao Estado Maior da Defensa corresponderalle:

a) O desenvolvemento e detalle das políticas de seguridade da información nos sistemas de información e telecomunicacións, así como a dirección da execución e o control do cumprimento destas políticas.

b) A planificación, dirección e, de ser o caso, execución, no seu ámbito, das actuacións en materia de cartografía.

c) A dirección e coordinación da sanidade operativa.

3. O Estado Maior da Defensa estrutúrase nun cuartel xeral e nos seguintes órganos:

a) O Mando de Operacións.

b) O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.

c) O Mando Conxunto de Ciberdefensa.

d) O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

4. Ademais, no Estado Maior da Defensa intégranse:

a) As organizacións operativas permanentes.

b) Os órganos nacionais militares relacionados con organizacións internacionais ou multinacionais.

*Sección 2.ª O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa*Artigo 10. *O Cuartel Xeral.*

1. O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa está composto polo conxunto de órganos que encadran os medios humanos e materiais necesarios para asistir o xefe de Estado Maior da Defensa no exercicio do mando do Estado Maior da Defensa.

2. O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa está constituído polos seguintes órganos:

a) O Estado Maior Conxunto da Defensa.

b) A Xefatura de Apoio para a Acción Conxunta.

c) Aqueloutros órganos de apoio ao mando, de asistencia e de servizos xerais que se determinen.

3. O Cuartel Xeral contará cunha asesoría xurídica como órgano consultivo e asesor, único en materia xurídica, do xefe de Estado Maior da Defensa e daqueles outros órganos que este determine. Dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.

4. No Cuartel Xeral existirá, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Defensa, unha Intervención Delegada, que exercerá o control interno da xestión económico-financeira, a notaría militar e o asesoramento económico-fiscal.

Artigo 11. *O Estado Maior Conxunto da Defensa.*

O Estado Maior Conxunto da Defensa é o órgano auxiliar de mando do xefe de Estado Maior da Defensa, o cal apoia e asesora na definición da estratexia militar, o planeamento de forza, a condución estratéxica das operacións, a representación militar ante organismos internacionais de seguridade e defensa e no resto das súas competencias.

Artigo 12. *A Xefatura de Apoio para a Acción Conxunta.*

A Xefatura de Apoio para a Acción Conxunta é o órgano responsable de prestar apoio á estrutura operativa das Forzas Armadas, a través das unidades e xefaturas de carácter conxunto ou unificado, de diferente natureza, que se determinen.

Sección 3.ª Os órganos da estrutura do Estado Maior da Defensa

Artigo 13. *O Mando de Operacións.*

1. O Mando de Operacións é o órgano responsable do planeamento operativo, da condución e do seguimento das operacións militares. Así mesmo, asesora o xefe de Estado Maior da Defensa na condución estratéxica das operacións e é responsable de realizar o planeamento e a condución daqueles exercicios que se determinen. Realiza a supervisión da preparación e a avaliación da dispoñibilidade operativa dos mandos e forzas asignados á estrutura operativa e elabora directrices para o adestramento e alistamento destas unidades.

2. Dependendo do Mando de Operacións constitúese permanentemente o Mando Conxunto de Operacións Especiais, que será responsable de realizar o planeamento, a condución e o seguimento das operacións especiais que se determinen.

Artigo 14. *O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.*

1. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas é o órgano responsable de facilitar ao ministro de Defensa, a través do xefe de Estado Maior da Defensa, e ás autoridades militares, a intelixencia militar precisa para alertar sobre situacións internacionais susceptibles de xerar crises que afecten a defensa nacional, así como de prestar o apoio necesario, no seu ámbito, ás operacións. Así mesmo, asesora o xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos en materia de contrainteloxencia militar e seguridade no ámbito das Forzas Armadas e contribúe ao seu asesoramento no nivel estratéxico das operacións militares.

2. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas é único en materia de intelixencia militar no nivel estratéxico. Forma parte da Comunidade de Intelixencia e constitúese no único interlocutor do Ministerio de Defensa en materia de intelixencia militar neste ámbito.

3. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas realiza, ademais, as seguintes funcións:

a) Dirixe e coordina a explotación dos sistemas conxuntos de intelixencia, vixilancia e recoñecemento e coordina a explotación dos sistemas específicos de intelixencia, vixilancia e recoñecemento.

b) Proporciona aos xefes de Estado Maior dos Exércitos a intelixencia necesaria para o desenvolvemento das actividades de preparación da Forza.

c) Planifica, dirixe e, de ser o caso, executa as actuacións en materia de cartografía no ámbito da defensa. Para estes efectos, os órganos correspondentes dos exércitos manteñen unha dependencia funcional co Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.

Artigo 15. *O Mando Conxunto de Ciberdefensa.*

O Mando Conxunto de Ciberdefensa será responsable do planeamento e da execución das accións relativas á ciberdefensa nas redes e sistemas de información e

telecomunicacións do Ministerio de Defensa ou noutras que poida ter encomendadas, así como contribuír á resposta adecuada no ciberespacio ante ameazas ou agresións que poidan afectar a defensa nacional.

Artigo 16. O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

1. O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional, como principal centro docente militar conxunto, é o órgano a que corresponde impartir cursos de altos estudos da defensa nacional e outros estudos conducentes á obtención de títulos de posgrao, así como os estudos militares de carácter conxunto que se determinen, para o cal establecerá colaboracións coas universidades públicas, os centros universitarios da defensa e outras corporacións públicas e privadas mediante os convenios pertinentes.

Así mesmo, desenvolve tarefas de investigación sobre temas relacionados coa seguridade e defensa, impulsa o estudo de novos conceptos doutrinais, contribúe ao fomento e difusión da cultura de seguridade e defensa e promove e desenvolve estudos, investigacións e outras actividades relacionadas coa historia militar.

2. Para o cumprimento das súas funcións, o Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional adoptará a estrutura que determine o ministro de Defensa.

Sección 4.^a Organizacións operativas permanentes subordinadas ao xefe de Estado Maior da Defensa

Artigo 17. O Mando de Vixilancia e Seguridade Marítima.

O Mando de Vixilancia e Seguridade Marítima é o órgano da estrutura operativa das Forzas Armadas responsable do planeamento, condución e seguimento das operacións de vixilancia e seguridade dos espazos marítimos de soberanía, responsabilidade e interese nacional. O seu comandante manterá unha dobre dependencia: operativa do xefe de Estado Maior da Defensa e orgánica do xefe de Estado Maior da Armada.

Artigo 18. O Mando de Defensa e Operacións Aéreas.

O Mando de Defensa e Operacións Aéreas é o órgano da estrutura operativa das Forzas Armadas responsable do planeamento, condución e seguimento das operacións de vixilancia, seguridade, control e policía aérea nos espazos aéreos de soberanía, responsabilidade e interese nacional. O seu comandante manterá unha dobre dependencia: operativa do xefe de Estado Maior da Defensa e orgánica do xefe de Estado Maior do Exército do Aire.

Artigo 19. A Unidade Militar de Emerxencias.

A Unidade Militar de Emerxencias é unha forza conxunta que se constitúe de forma permanente como un mando conxunto da estrutura operativa das FF.AA. e que ten como misión a intervención en calquera lugar do territorio nacional e en operacións no exterior, para contribuír á seguridade e benestar dos cidadáns nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, consonte o disposto no Real decreto 1097/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba o protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias, e o disposto na doutrina militar correspondente. O ministro de Defensa ditará as normas que regulen a organización e o funcionamento desta unidade no ámbito do departamento.

Sección 5.^a Órganos nacionais militares relacionados con organizacións internacionais ou multinacionais

Artigo 20. *Representacións militares nacionais e outros órganos dependentes do xefe de Estado Maior.*

1. As representacións militares ante as organizacións internacionais de seguridade e defensa dependen do xefe de Estado Maior da Defensa.

2. Así mesmo, dependen do xefe de Estado Maior da Defensa os elementos nacionais, os elementos nacionais de apoio e os continxentes nacionais integrados en organizacións internacionais e multinacionais nas cales España participa.

TÍTULO III

Estructura orgánica das Forzas Armadas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 21. *Concepto de estrutura orgánica.*

1. A estrutura orgánica é a organización encargada da preparación da forza que posibilitará a xeración da estrutura operativa, establecida mediante criterios de funcionalidade baseados nos medios e formas propias de acción do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e nunha organización homoxénea destes, consonte o artigo 11 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro.

2. A transferencia de unidades da estrutura orgánica das Forzas Armadas á estrutura operativa non implicará cambio da súa dependencia orgánica.

Artigo 22. *O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.*

O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire compoñen a estrutura orgánica das Forzas Armadas e achegan as capacidades básicas para a súa estrutura operativa. Cada un deles está composto por:

- a) O Cuartel Xeral.
- b) A Forza.
- c) O Apoio á Forza.

CAPÍTULO II

O Cuartel Xeral

Artigo 23. *Do Cuartel Xeral.*

1. O Cuartel Xeral de cada exército encadra os medios humanos e materiais necesarios para asistir o xefe de Estado Maior no exercicio do mando sobre o seu respectivo exército e estará constituído polos seguintes órganos:

- a) O Estado Maior.
- b) O Gabinete do xefe de Estado Maior.
- c) Os órganos de asistencia e servizos xerais que se determinen.

2. Cada cuartel xeral contará cunha asesoría xurídica como órgano consultivo e asesor, único en materia xurídica, do xefe de Estado Maior de cada exército e daqueles outros órganos que este determine. Dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.

3. En cada cuartel xeral existirá, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Defensa, unha intervención delegada, que exercerá o control interno da xestión económico-financeira, a notaría militar e o asesoramento económico-fiscal.

Artigo 24. Do Estado Maior.

1. O Estado Maior é o principal órgano de apoio do xefe de Estado Maior. É responsable de proporcionarlle os elementos de xuízo necesarios para fundamentar as súas decisións, traducilas en ordes e velar polo seu cumprimento.

2. A súa xefatura será exercida polo segundo xefe do Estado Maior quen, baixo a dirección do xefe de Estado Maior correspondente, exercerá a organización, planificación, dirección, coordinación e control xeral das actividades do seu exército.

3. O Estado Maior non levará a cabo accións de mando nin de xestión nin executivas.

Artigo 25. Do Gabinete do xefe de Estado Maior.

O Gabinete do xefe de Estado Maior é o órgano de apoio inmediato ao xefe de Estado Maior nas súas relacións institucionais, en materia de comunicación social e naquél outros asuntos que este lle encomende.

Artigo 26. Dos órganos de asistencia e servizos xerais.

1. No seu Cuartel Xeral, o xefe de Estado Maior disporá dos órganos de asistencia e servizos xerais precisos para atender as súas necesidades e as dos órganos que este determine.

2. Os órganos de asistencia desenvolverán as súas funcións en materia de cultura e historia militar ou en materias técnicas, en especial nas áreas dos sistemas de información e telecomunicacións, cartografía, publicacións, socioloxía, estatística, investigación operativa e información no ámbito do seu respectivo exército.

3. Os órganos de servizos xerais terán competencia en materias de seguridade, mantemento e vida e funcionamento.

CAPÍTULO III

A Forza

Artigo 27. Da Forza.

1. A Forza é o conxunto de medios humanos e materiais que se agrupan e organizan coa función principal de prepararse para a realización de operacións militares.

2. A Forza organizarase por capacidades, con carácter modular e flexibilidade, de forma que permita a preparación e a avaliación das súas unidades e facilite a súa transferencia total ou parcial á estrutura operativa das Forzas Armadas. Así mesmo, posibilitará o desenvolvemento dos niveis de esforzo que, en cada caso, sinale o Goberno.

Artigo 28. A Forza do Exército de Terra.

A Forza do Exército de Terra estará composta:

a) Polo Cuartel Xeral Terrestre de Alta Dispoñibilidade, cuxo labor principal é prepararse para ser utilizado como estrutura de mando naquelas operacións que se determinen, consonte a doutrina militar nacional ou internacional que proceda.

b) Pola Forza Terrestre, que ten por función principal prepararse para constituír, de forma rápida e eficaz, estruturas operativas terrestres para a realización de operacións militares.

c) Pola Forza Loxística Operativa, que ten por función prepararse para proporcionar o apoio loxístico necesario para as operacións, así como para prestar o apoio loxístico

que se precise para manter as capacidades operativas, complementando a estrutura permanente de apoio loxístico.

d) Polo Mando de Canarias, que comprende as unidades situadas no arquipélago canario, que teñen por función principal prepararse para constituír, de forma rápida e eficaz, estruturas operativas terrestres para a realización de operacións militares.

Artigo 29. *A Forza da Armada.*

A Forza da Armada intégrase baixo unha única estrutura, a frota, que ten por función principal prepararse para constituír, de forma rápida e eficaz, estruturas operativas navais para a realización de operacións militares, ademais de proporcionar o apoio loxístico necesario para tales operacións.

Artigo 30. *A Forza do Exército do Aire.*

A Forza do Exército do Aire estará composta:

a) Polo Mando Aéreo de Combate, que ten como función principal prepararse para constituír, de forma rápida e eficaz, estruturas operativas aéreas para a realización de operacións militares.

b) Polo Mando Aéreo Xeral, cuxo labor principal é garantir o máximo estado de operatividade das unidades, bases, aeródromos e acuartelamentos aéreos que se determinen, para que se poidan xerar e, de ser o caso, operar desde eles as unidades aéreas da Forza.

c) Polo Mando Aéreo de Canarias, que comprende as unidades situadas no arquipélago canario, que teñen por labor principal prepararse para constituír, de forma rápida e eficaz, estruturas operativas aéreas para a realización de operacións militares.

CAPÍTULO IV

O Apoio á Forza

Artigo 31. *Do Apoio á Forza.*

1. O Apoio á Forza é o conxunto de órganos responsables da dirección, xestión, administración e control dos recursos humanos, materiais e financeiros asignados a cada un dos exércitos. No seu ámbito dirixírase e controlárase o sostemento da Forza e levaranse a cabo as actividades do apoio loxístico que posibilitan a vida e o funcionamento das unidades, centros e organismos.

2. O Apoio á Forza levará a cabo as actuacións precisas co fin de proporcionar ao seu respectivo exército o necesario para o cumprimento das súas funcións, subordinadas ás que, neste ámbito do Apoio á Forza, teñan ou poidan ter asignados outros órganos de carácter unificado ou conxunto.

3. O Apoio á Forza estruturarase en órganos competentes nos seguintes ámbitos:

a) Recursos humanos, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control en materia de persoal, de asistencia ao persoal, de sanidade e de ensino.

b) Recursos materiais, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control de material e do apoio loxístico, e atenderán a adquisición, o abastecemento ou aprovisionamento, o sostemento, o transporte, a infraestrutura, os sistemas de armas e as construcións, así como o apoio en bases e acuartelamentos, na medida en que cada exército teña competencias específicas nestas actividades. Así mesmo, será responsable naqueles asuntos relacionados cos sistemas de información e telecomunicacións non asignados a outros órganos do propio exército.

c) Recursos financeiros, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control de tal recurso e da contratación e contabilidade.

Corresponderalles tamén a elaboración técnica do anteproxecto de orzamento e a centralización de toda a información tanto sobre a previsión e execución dos programas coma do orzamento. Así mesmo, corresponderalles a administración dos recursos financeiros non asignados expresamente a ningún outro órgano.

4. En función da homoxeneidade ou amplitude das actividades que se desenvolvan, os ámbitos citados no número anterior poderanse agrupar ou desdobrar, conforme as necesidades derivadas das formas propias de acción de cada exército, en mandos, xefaturas ou direccións.

5. Os órganos do Apoio á Forza asesorarán o xefe de Estado Maior nas materias da súa competencia. Corresponderalles a administración dos recursos financeiros que teñan asignados.

6. Os órganos que se constitúan dependerán funcionalmente dos órganos directivos do Ministerio de Defensa con responsabilidade nas materias correspondentes, baixo a coordinación do secretario de Estado de Defensa e do subsecretario de Defensa no ámbito das súas competencias.

Artigo 32. *O Apoio á Forza no ámbito dos recursos humanos.*

1. Os órganos do Apoio á Forza do Exército de Terra, no ámbito dos recursos humanos, son:

a) O Mando de Persoal, responsable en materia de recursos humanos, asistencia ao persoal e asistencia sanitaria.

b) O Mando de Adestramento e Doutrina, responsable en materias relacionadas coa xestión do coñecemento, incluído o ensino.

2. O órgano do Apoio á Forza da Armada, no ámbito dos recursos humanos, é a Xefatura de Persoal.

3. O órgano do Apoio á Forza do Exército do Aire, no ámbito dos recursos humanos, é o Mando de Persoal.

Artigo 33. *O Apoio á Forza no ámbito dos recursos materiais.*

1. Os órganos do Apoio á Forza do Exército de Terra, no ámbito dos recursos materiais, son:

a) O Mando de Apoio Loxístico, responsable do material e do apoio loxístico, incluíndo o seu sostemento específico e a correspondente enxeñaría de apoio.

b) A Inspección Xeral do Exército de Terra, responsable en materias relacionadas coas infraestruturas e aquelas outras que se determinen relacionadas coa vida e co funcionamento das unidades.

2. O órgano do Apoio á Forza da Armada, no ámbito dos recursos materiais, é a Xefatura de Apoio Loxístico.

3. O órgano do Apoio á Forza do Exército do Aire, no ámbito dos recursos materiais, é o Mando de Apoio Loxístico.

Artigo 34. *O Apoio á Forza no ámbito dos recursos financeiros.*

O órgano do Apoio á Forza en cada un dos exércitos, no ámbito dos recursos financeiros, será unha dirección de asuntos económicos coa estrutura que se determine.

Disposición adicional primeira. *Clasificación do Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.*

As funcións específicas e a estrutura do Centro de Intelixencia das Forzas Armadas decláranse «materia clasificada» na categoría de «segredo», consonte a Lei 9/1968, do 5 de abril, sobre segredos oficiais, e serán establecidas polo ministro de Defensa.

Disposición adicional segunda. *Do comandante xeneral da Infantaría de Mariña.*

O comandante xeneral da Infantaría de Mariña poderá asesorar directamente o xefe de Estado Maior da Armada naqueles asuntos referidos ao corpo de Infantaría de Mariña que non se relacionen de forma específica e directa coa preparación da Forza.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público nin de persoal.*

A aplicación e o desenvolvemento deste real decreto levarase a cabo sen aumento de custo de funcionamento e non suporá incremento do gasto público nin de persoal.

Disposición transitoria única. *Subsistencia de unidades.*

As unidades actualmente existentes non recollidas neste real decreto continuarán exercendo as competencias que non fosen asignadas a outra ou outras unidades ata que entren en vigor as disposicións que o desenvolvan, se produzan as adaptacións orgánicas necesarias e se transfiran as ditas competencias a outras unidades.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 1249/1997, do 24 de xullo, polo que se regula a organización do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional. Esta derogación será efectiva o mesmo día de entrada en vigor da orde ministerial que estableza a estrutura e funcións deste centro.

b) O Real decreto 912/2002, do 6 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura básica dos exércitos.

c) O Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias.

d) O Real decreto 787/2007, do 15 de xuño, polo que se regula a estrutura operativa das Forzas Armadas.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto e, en particular, para establecer as unidades das Forzas Armadas, de nivel inferior ao establecido neste real decreto, que sexan necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE